

Acción social e negociación

Marcos Estévez*

Dende o ano 2000 a Universidade de Vigo ven desenvolvendo unha política en materia de acción social entre os seus traballadores, e tanto o PDI como PAS poden facer así fronte a unha serie de circunstancias sociofamiliares que fan máis dificultosa o normal discorrer da súa vida.

Nos últimos tempos dende CCOO observábase con preocupación que o sistema de reparto, así como a tipoloxía das axudas non era a máis axeitada para afrontar o tipo de situacións que por definición pretenden paliar estas axudas, foi por iso que tras moitas reunións e disquisicións varias conseguimos elaborar un documento no que tanto os criterios de reparto, como as axudas que se propuñan variaban das existentes ou as matizaban.

Os últimos meses do ano 2004 negociamos este documento coas outras centrais sindicais, despois de reunirmos moitas veces, de encontros e desencontros logramos chegar a un acordo, e dende o Comité Intercentros e a Xunta de Persoal, os dous órganos de representación do persoal de administración e servizos, presentouse a [proposta final](#) de Acción Social para os traballadores da Universidade de Vigo, non é un texto moi extenso, so ten 8 páxinas pero nelas propónse, tanto unha nova forma de avaliar as necesidades do persoal, facendo fincapé no seu poder adquisitivo, como diferentes clases de axudas, pretendendo tanto aportar máis a quen máis o precise como tamén abranguer máis casuísticas. O iniciar as conversas cos representantes da Universidade, non deixa de ser sorprendente que non so obviasen por completo este documento, que desdeñasen o esforzo feito polos representantes dos traballadores na súa elaboración, e seu contido, senón que a negociación se inicia con base no documento anterior, obsoleto e no que se deixan de contemplar moitas realidades e no que só se inclúe a reforma do baremo para o reparto das mesmas axudas.

¿Qué entenden os representantes da Universidade por negociación?

¿Qué valor lle dan o traballo dos representantes dos traballadores que se sentan fronte a eles nunha mesa?

¿Qué valor lle dan a eses mesmos representantes?

Agardemos, polo ben de todos, que a nova Xerencia da Universidade varíe a súa forma de afrontar os problemas, e considere os representantes do persoal, non uns inimigos, nin órganos dedicados a reivindicación constante e o boicoteo, senón traballadores coma eles que pretenden axudar a que esta empresa mellore cada día e a que o seu persoal non so se considere respectado no seu posto de traballo, senón tamén orgulloso de pertencer a esta empresa.

*Marcos Estévez é auxiliar técnico de biblioteca e delegado sindical de CC OO do PAS laboral